



club alpino
ourensán **45** anos



Ilex 959

Comunicado de prensa

Celebrando o Día Mundial do Medio Ambiente na Ribeira Sacra

1 de xuño de 2016

Os colectivos Club Alpino Ourenseño e o Grupo Scout ILEX 959 celebrarán esta efeméride cunha actividade entre os días 4 e 5 de xuño na que descubrirán a contorna natural da Ribeira Sacra a nenas e nenos de 8 a 14 anos.

Este fin de semana, 4 e 5 de xuño, desenvolveremos unha ruta de sendeirismo, unindo nunha mesma actividade a práctica deportiva cun contacto recreativo e respectuoso coa Natureza, **cultivando en paralelo o espírito de aventura cos valores de conservación do medio ambiente.**

Esta actividade busca tamén establecer as bases dunha sinerxía de traballo conxunto e cooperación entre estes dous colectivos ao longo do tempo orientado ao público infantil e xuvenil co fin de facilitar o achegamento á montaña e ao contacto coa natureza dos rapaces e rapazas de Ourense e contorna.

A actividade terá lugar **no concello de Parada de Sil**, na Ribeira Sacra e o canón do Sil, seguindo o percorrido do PR-G 98. As persoas destinatarias desta actividade son **rapaces e rapazas de 8 a 14 anos**, que se dividirán en dous segundo idades: os máis cativos, de 8 a 10 anos, realizarán 4 km o primeiro día e 6 o segundo, mentres que os maiores, de 12 a 14 anos, farán ao redor dun 11 km cada día. Durante o percorrido visitaranse elementos do patrimonio natural e histórico como Fondo de Vila, Rabacallos, ou o Mosteiro de Santa Cristina, así como varios miradoiros e puntos de interese, como elementos do antigo foxo de lobo que existiu nesta zona, ou os xa famosos Balcóns de Madrid, entre outros.

Ademais da ruta de sendeirismo, haberá tamén momentos de ocio mediante xogos e dinámicas. Os rapaces e rapazas participantes tamén realizarán outras actividades tipicamente scouts, coma a montaxe de tendas ou a elaboración de comidas campestres, como parte da metodoloxía que o movemento scout emprega para educar en valores, fomentando o desenvolvemento da autonomía persoal e a asunción de responsabilidades.

Ademais, aproveitaremos a espectacular paisaxe para rodar o que será un vídeo promocional do Grupo Scout ILEX para o próximo curso, de que será tamén unha oportunidade para descubrir os talentos e capacidade interpretativa das rapazas e rapaces participantes.

Máis información:

Punto de saída: Intercambiador de autobuses (tras IES As Lagoas) ás 10:15 do 04/06/16

Víctor Barro, Club Alpino Ourenseño (659 655 734)
Xulio López Pérez, Grupo Scout ILEX 959 (649 752 351)

Na web do Grupo Scout ILEX 959

<http://scoutsourense.org/actividade-infantilxuvenil-de-sendeirismo-na-ribeira-sacra>

Na web do Club Alpino Ourenseño

<http://www.clubalpinoourensan.es/actividade/sendeirismo-scouts-cam/>